

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE AGRICULTURA E PESCA, ALIMENTACIÓN E MEDIO AMBIENTE

- 3260** *Corrección de erros do Real decreto 70/2017, do 10 de febreiro, polo que se establece a concesión dunha axuda excepcional de adaptación ao sector produtor vacún de leite e se modifica o Real decreto 1075/2014, do 19 de decembro, sobre a aplicación a partir de 2015 dos pagamentos directos á agricultura e á gandaría e outros réximes de axuda, así como sobre a xestión e control dos pagamentos directos e dos pagamentos ao desenvolvemento rural.*

Advertidos erros no Real decreto 70/2017, do 10 de febreiro, polo que se establece a concesión dunha axuda excepcional de adaptación ao sector produtor vacún de leite e se modifica o Real decreto 1075/2014, do 19 de decembro, sobre a aplicación a partir de 2015 dos pagamentos directos á agricultura e á gandaría e outros réximes de axuda, así como sobre a xestión e control dos pagamentos directos e dos pagamentos ao desenvolvemento rural, publicado no «Boletín Oficial del Estado», suplemento en lingua galega ao número 36, do 11 de febreiro de 2017, efectúanse as oportunas rectificacións:

Na páxina 4, no artigo 3, número 1, alínea c), na segunda liña, onde di: «...regulada neste real decreto, previstas na disposición transitoria terceira do citado Real decreto 1075/2014, do 19 de decembro.», debe dicir: «...regulada neste real decreto, previstas na disposición transitoria segunda do citado Real decreto 1075/2014, do 19 de decembro.»

Na páxina 7, na disposición derradeira primeira, onde di: «Engádese unha nova disposición transitoria, numerada como a terceira, no Real decreto 1075/2014, do 19 de decembro, sobre a aplicación a partir de 2015 dos pagamentos directos á agricultura e á gandaría e outros réximes de axuda, así como sobre a xestión e control dos pagamentos directos e dos pagamentos ao desenvolvemento rural, co seguinte contido: «Disposición transitoria terceira. *Modelo de solicitude en 2017...*», debe dicir: «Engádese unha nova disposición transitoria, numerada como a segunda, no Real decreto 1075/2014, do 19 de decembro, sobre a aplicación a partir de 2015 dos pagamentos directos á agricultura e á gandaría e outros réximes de axuda, así como sobre a xestión e control dos pagamentos directos e dos pagamentos ao desenvolvemento rural, e renumérase a disposición transitoria única, que pasa a denominarse disposición transitoria primeira, co seguinte contido: «Disposición transitoria segunda. *Modelo de solicitude en 2017...*».